

CHARLA POR DON RAMIRO¹²³

Cando era neno, a miña nai levoume a unha velada na que o número forte eran os monicreques de Barriga Verde¹²⁴. Eu asegúrolles que desde o momento en que Barriga Verde se meteu detrás dunhas mantas vellas e fixo a presentación do seu pequeno mundo, no que se vivía toda unha traxedia salferida de certo humor, comecei a preocuparme polas cousas dos homes.

A esta primeira presenza duns monicreques que executaban xustiza ou inxustiza por medio dun mecanismo que manexaba un home na sombra, débolle a miña comprensión clara dos feitos humanos ou inhumanos dos homes para cos seus semellantes.

Sei que moitos de vostedes están pensando: “Pero a que vén isto dos monicreques, se do que nos debe falar é de pintura ou do pintor”. Pois, amigos, aí é onde lle doe: se ao home, sexa campesiño, pintor, obreiro ou escritor lle pasan desapercibidos os feitos humanos ou inhumanos que ve e oe ao seu arredor, será un home negativo; nada achegará a este mundo para que nel reine a alegría de vivir.

A pintura hoxe está en decadencia, é unha apreciación dun home que leu moi pouco e que cada vez le menos aos señores que nos falan da arte pictórica. Os meus coñecementos non son literarios, son dun auténtico obreiro que, con todo respecto, sempre que ten ocasión estuda e sente diante das obras mestras que nos deixaron outros obreiros da pintura; a eles e ao meu traballo diario débolles a interminable lección e a valentía de dicir, aquí e onde sexa, que os pintores estamos pasando por un dos momentos máis decadentes da Historia da Arte.

Sempre crin, e sigo créndoo, que un pintor é un ser dunha gran vocación. É un ser predestinado, cunhas condicións innatas para loitar con afouteza contra toda incomprensión da miopía crítica. Nunha palabra, é un home que está certo de que, no máis fondo da súa alma, oe a chamada dun mundo de cores e formas que queren saír á luz do día. Un ser así é un pintor en potencia. Os outros, aínda que pinten, entran

123 · Don Ramiro, heterónimo utilizado por Laxeiro.

124 · Conferencia pronunciada en 1965 no Museo de Artes Plásticas de La Plata, Arxentina, co título *Los barrigas verdes de la pintura*. Publicado con este título en CASTRO FERNÁNDEZ, X.A. et al. *Laxeiro, op. cit.* e CARUNCHO AMAT, L.M. *Laxeiro, op. cit.* *Barriga Verde* foi unha compañía de monicreques fundada por José Silvent Martínez. Ver nota 90 da presente publicación.

